

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001725	IES Lauro Olmo	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

1. Introducción

A materia de Lingua Galega e Literatura no bacharelato, como na ESO, ten como obxectivo xeral o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, para que, a través dela, as alumnas e os alumnos poidan interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que formarán parte da súa vida. Ademais contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, tal e como recolle o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato: oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que han de acompañar ambos os desempeños. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a época das Irmandades da Fala e a actualidade. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada. Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de noções básicas das linguas da Península Ibérica.

A proposta didáctica que se presenta está articulada arredor de oito unidades didácticas que abordan estes catro bloques de contidos e están articuladas segundo a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

En cada unha das avaliacións haberá unha unidade relacionada coa reflexión sobre a lingua e unha sobre literatura (onde se incluírá a historia externa da lingua). Os contidos de sociolingüística, serán tratados na primeira e segunda avaliación, debido a descompesación temporal que existe respecto da terceira. As dúas primeiras unidades de lingua estarán divididas á súa vez en tres secuencias didácticas, cada unha delas, segundo diferentes niveis de análise lingüístico. Á súa vez, as unidades centradas na literatura estarán divididas en catro secuencias didácticas: a primeira servirá para reflexionar sobre a historia externa da lingua e o contexto social, económico e político do período estudado; a segunda ocupárase do xénero poético; a segunda, da narración e o ensaio e a terceira, do teatro. Cada unha destas secuencias irá dirixida a realizar unha tarefa relacionada con preguntas frecuentes das probas ABAU. Ao longo do curso o alumnado terá que realizar tres traballos de lectura (un por avaliación), onde poderá escoller analizar obras da literatura galega ou portuguesa relacionadas coa etapa estudada en cada un dos trimestres.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

O currículo da materia contribúe de xeito directo, con practicamente todos os seus obxectivos, á consecución da competencia en comunicación lingüística, plurilingüe e en conciencia e expresións culturais, tanto pola achega á historia da literatura como á propia lingua como legado dun pobo.

O desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora e produción de textos académicos é imprescindible para a competencia de aprender a aprender e, chave para afianzar competencias dixitais e STEM. Do mesmo xeito, nas unidades cinco e seis traballárase de forma explícita a interpretación e comentario de estatísticas e gráficas (Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría). O fortalecemento deste tipo de competencias e estratexias, sumado á unha metodoloxía que fomenta a investigación e análise contribúe á adquisición da competencia emprendedora.

Entender a diversidade lingüística e cultural como riqueza e legado, do mesmo xeito que o respecto polas minorías, e polo tanto por linguas minoritarias e minorizadas; ao igual que detectar os prexuízos e a linguaxe discriminatoria, entender como funciona, que recursos lingüísticos emprega e aprender a combatilos ou saber interpretar e inferir a información implícita en diferentes tipos de textos do ámbito persoal e social, en especial dos medios de comunicación é indispensable tanto para a competencia persoal, social e de aprender a aprender, como para a competencia cidadá.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Tecer palabras	1.1. O texto como unidade. Propiedades textuais. Tipos de texto. Tema, resumo e esquemas 1.2. A estrutura da palabra: os morfemas. Tipos de palabras. A formación de palabras. Análise morfolóxico. 1.3. Significado: denotación e connotación. O lexema. Campo lexical ou campo semántico. Relacións de significado. Relacións entre significante e significado. Definicións.	15	13	X		
2	As variedades lingüísticas e o proceso de estandarización do galego.	2.1. As variedades lingüísticas e a variedade estándar. Variedades do galego. Analizar a variación nun texto oral. 2.2. As desviacións da norma culta: vulgarismos, arcaísmos e hiperenxebrismos. Préstamos e interferencias. Analizar as desviacións da norma nun texto escrito. 2.3. O proceso de estandarización da lingua galega. Autonomistas e reintegracionistas. Defender unha tese.	12	10	X		
3	A lingua e a literatura galega no período 1900-1936	3.1. Contexto económico, social e político. A situación da lingua e iniciativas normalizadoras. Localizar e comentar as características dun texto da etapa enxebrista. 3.2. Poesía: das Irmandades ás vangardas literarias. Comentar as características propias dun texto desta época e este xénero. 3.3. Prosa: Consolidación da narrativa e o ensaio en galego: as Irmandades e a Xeración Nós. Comentar as características propias dun texto desta época e este xénero. 3.4. Teatro: Conservatorio Nazonal do Arte Gallego, Nós e o teatro vangardista.	13	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A lingua e a literatura galega no período 1900-1936	Comentar as características propias dun texto desta época e este xénero.	13	13	X		
4	A orde importa: a oración, forma e significado)	4.1. A estrutura informativa da oración. Tema, rema e foco. Focalización, tematización e rematización. Identificar o tipo de progresión temática dun texto. 4.2. A estrutura semántica da oración: categorías de análise. Etiquetar as funcións semánticas dunha oración. 4.3. A estrutura sintáctica da oración: unidades e funcións. A frase/o sintagma. Os complementos do verbo. Oracións complexas. Realizar análises sintácticas.	10	10		X	
5	Linguas en sociedade	5.1. O conflito lingüístico: bilingüismo e diglosia. O tratamento das linguas en contacto. Normalización lingüística. Analizar un cartel. 5.2. Os prexuízos lingüísticos. Analizar unha viñeta. 5.3. As linguas da Península Ibérica. Comparar textos en diferentes linguas.	12	10		X	
6	A lingua e a literatura galega no período 1936-1975	6.1. Contexto económico, social e político. A situación da lingua. Analizar unha gráfica. 6.2. Poesía: o exilio, a Xeración do 25, a Xeración do 36, a Promoción de enlace e a Xeración das Festas Minervais. Comentar as características propias dun texto desta época e este xénero. 6.3. Prosa: da narrativa de posguerra á Nova Narrativa Galega. O ensaio. Comentar as características propias dun texto desta época e este xénero. 6.4. O teatro. O teatro de posguerra, a Xeración dos 50 a Xeración Abrente. Comentar as características propias dun texto desta época e este xénero.	13	13		X	
7	Como dis? Fonética e fonoloxía	O fonema. Trazos distintivos. Vogais e consoantes. A sílaba. Elementos suprasegmentais. Recoñecer os trazos distintivos dos diferentes fonemas da lingua galega.	10	5			X
8	A lingua e a literatura galega no período democrático	8.1. Contexto económico, social e político. A situación da lingua. Comentario crítico de textos xornalísticos de temática lingüística. 8.2. Poesía, prosa e teatro : Xeración dos 80 e 90. Últimas tendencias. Comentar as características propias de textos desta época dos diferentes xéneros.	15	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Tecer palabras	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante en textos orais e multimodais propios de diferentes ámbitos.	PE	80
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural.		
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.		
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Avalía a veracidade de noticias e informacións, das redes sociais, mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.	TI	20
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando os procedementos comunicativos empregados.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Aplica estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística nas interaccións orais.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora, e identifica e soluciona problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e

Contidos

- respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	As variedades lingüísticas e o proceso de estandarización do galego.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Cuestiona e refuta prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa fiabilidade a través dos procedementos lingüísticos empregados.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e facer propostas de mellora, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e desterra os usos discriminatorios e manipuladores da lingua.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.	TI	20
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre o funcionamento da lingua, utilizando a terminoloxía lingüística adecuada e consultando dicionarios e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego.

Contidos

- Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros.
- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.
- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.
- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
3	A lingua e a literatura galega no período 1900-1936	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.	PE	55
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparti a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas a partir da análise dos seus elementos constitutivos e do seu contexto sociohistórico.		
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e facer propostas de mellora, e identifica e soluciona problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante en textos orais e multimodais propios de diferentes ámbitos.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais formais con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	TI	45
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de investigación localizando, seleccionando e contrastando información de diferentes fontes, organizala e integrala en esquemas; e reelaborala e comunicala.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elix e le de maneira autónoma obras que se relacionen coas propostas de lectura guiada e deixar constancia do itinerario lector.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve proxectos de investigación concretados nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación, establecendo vínculos entre as obras e outros textos e manifestacións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.

Contidos

- Producción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
4	A orde importa: a oración, forma e significado)	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural.	PE	80
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora, e identifica e soluciona problemas de comprensión lectora utilizando oscoñecementos sobre a lingua.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.	TI	20
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante en textos orais e multimodais propios de diferentes ámbitos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando os procedementos comunicativos empregados.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora e presenta os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre o funcionamento da lingua, utilizando a terminoloxía lingüística adecuada e consultando dicionarios e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.

Contidos

- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
5	Linguas en sociedade	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego.	PE	80		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Cuestiona e refuta prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.				
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e desterra os usos discriminatorios e manipuladores da lingua.				
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural.				
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.				
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa fiabilidade a través dos procedementos lingüísticos empregados.				
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.			TI	20
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua.				

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego.
- Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.
- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.
- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
6	A lingua e a literatura galega no período 1936-1975	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.	PE	55
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas a partir da análise dos seus elementos constitutivos e do seu contexto sociohistórico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora, e identifica e soluciona problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante en textos orais e multimodais propios de diferentes ámbitos.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais formais con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa.	TI	45
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunícala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de investigación localizando, seleccionando e contrastando información de diferentes fontes, organizala e integrala en esquemas; e reelaborala e comunícala.		
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixer e ler de maneira autónoma obras que se relacionen coas propostas de lectura guiada e deixar constancia do itinerario lector.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparte a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve proxectos de investigación concretados nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación, establecendo vínculos entre as obras e outros textos e manifestacións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no círculo literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.

Contidos

- expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
7	Como dis? Fonética e fonoloxía	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Cuestiona e refuta prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	PE	80
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e desterra os usos discriminatorios e manipuladores da lingua.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e fai propostas de mellora, e identifica e soluciona problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante en textos orais e multimodais propios de diferentes ámbitos.	TI	20
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando os procedementos comunicativos empregados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
8	A lingua e a literatura galega no período democrático	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Elix e le de maneira autónoma obras que se relacionen coas propostas de lectura guiada e deixar constancia do itinerario lector.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comparte a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas a partir da análise dos seus elementos constitutivos e do seu contexto sociohistórico.	PE	55
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e facer propostas de mellora, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos sobre a lingua.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante en textos orais e multimodais propios de diferentes ámbitos.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentacións orais formais con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunícala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora traballos de investigación localizando, seleccionando e contrastando información de diferentes fontes, organizala e integrala en esquemas; e reelaborala e comunícala.	TI	45
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixer e ler de maneira autónoma obras que se relacionen coas propostas de lectura guiada e deixar constancia do itinerario lector.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve proxectos de investigación concretados nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación, establecendo vínculos entre as obras e outros textos e manifestacións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.

Contidos

- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.
- A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.
- O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que contemplan, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.
- Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.
- O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes, sen desperdiciar ocasións de destacar similitudes e diferenzas con outras linguas, especialmente as propias do estado e as faladas ou estudadas polo alumnado.
- A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.
- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais) para que, unha vez rematado o bacharelato, xa alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego.
- O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Curso de Lingua galega e literatura galega II na Aula Virtual do IES Lauro Olmo.
Apuntamentos, esquemas e propostas de actividades elaborados pola docente.
Prensa online en galego e portugués.
Páxinas web, vídeos e podcast en galego de contido xeralista e variado.
Antoloxías de textos da literatura galega, portuguesa e universal dos períodos e xéneros estudados.
Listado de lecturas recomendadas para a lectura autónoma, á disposición do alumnado na biblioteca do centro, así como nas plataforma Elbe.2 e galicia.le
Móbil para uso académico

En cada unidade o alumnado terá dispoñible na Aula Virtual os apuntamentos, esquemas e propostas de actividades necesarios para o seguimento do curso. Do mesmo xeito, poderá compralos en papel, cando preferir, na Conserxería do IES. O alumnado tamén poderá ver no seu espazo persoal da Aula as listas de cotexo, correccións e comentarios aos seus traballos, así como ver o conxunto das súas cualificacións e o progreso do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de curso, realizarase a avaliación inicial para observar o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumnado polo que o importante desa avaliación non será valorar canto lembrar dos contidos traballados en cursos anteriores, senón as habilidades para poñer en práctica eses contidos, o seu saber facer.

Esta avaliación estruturarase en dúas partes:

1. Avaliación da expresión oral a través da autopresentación na aula, á que seguirá o envío dun correo electrónico seguindo as indicacións dadas, polo que tamén se avaliarán as habilidades sociais, a competencia dixital e o grao de autonomía do alumno/a; así como a súa capacidade para aprender a aprender, mellorando no envío electrónico a tarefa realizada espontaneamente na aula.

3. Avaliación da comprensión e expresión escrita e a capacidade de reflexión sobre aspectos lingüísticos, a través da realización dunha proba escrita que seguirá o esquema das probas ABAU para a materia de Lingua galega e literatura. Aproveitaremos a proposta para a convocatoria ordinaria ou extraordinaria do 2023, modificando os apartados de Sociolingüística e Eudación Literaria de xeito que acheguen actividades que poidan resolverse con coñecementos xerais ou de cursos anteriores.

Os textos realizados polo alumnado nestas probas, servirán de material de traballo para a análise e mellora de textos escritos da primeira unidade didáctica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	12	13	10	12	13	10	15	100
Proba escrita	80	80	55	80	80	55	80	55	70
Táboa de indicadores	20	20	45	20	20	45	20	45	30

Cráterios de cualificación:

Non podemos esquecer que o principal obxectivo do alumnado en 2º de Bacharelato é obter a mellor cualificación posible nas probas ABAU polo que resulta evidente que esa proba externa, ao final do curso académico, condiciona os obxectivos, a metodoloxía e a avaliación por competencias. O adestramento para este exame condiciona o traballo e a avaliación de competencias ao longo do curso. Todas as probas escritas respectarán os apartados, a forma e as pautas de avaliación indicadas pola CIUG, deste xeito insistírase nas estratexias para a comprensión textual e crítica de textos xornalísticos, académicos, literarios e multimodais (tipo gráficas, viñetas ou carteis), a reflexión sobre as propiedades textuais e os recursos lingüísticos empregados na súa confección e a composición de textos argumentativos e expositivos; o que, en calquera caso, se centran as competencias sinaladas polo currículo.

Haberá dúas probas escritas por avaliación que terán un peso do 70% na nota final. O 30% restante corresponderá ás tarefas das secuencias didácticas (15%) e aos traballos cos textos literarios (lectura autónoma dunha obra dun itinerario proposto, realización dun traballo cooperativo sobre algún aspecto común das diferentes lecturas feitas polos membros do grupo e posterior exposición en clase, 15%)

Ademais, para atender os contidos transversais e valorar o desempeño do alumnado en situacións de aprendizaxe real, botaremos man de tarefas voluntarias, para realizar fóra da aula e que suporán poder sumar até 1 punto, unha vez acadado o 5 na proba escrita. Entre as tarefas voluntarias, o alumnado pode escoller entre desenvolver o hábito lector, realizando lecturas voluntarias (valoradas por medio dunha entrevista coa docente e cualificadas segundo o nivel de dificultade da obra, que xa estará marcado na lista fornecida ao principio de curso) ou a capacidade de lectura e escoita crítica, realizando recensións críticas sobre artigos xornalísticos, podcast ou vídeos de contido xeralista e variado.

Nos exames e traballos as faltas de ortografía poderán descontar ata dous puntos, seguindo os criterios da CIUG: Faltas moi graves, -0.2 (Solucións alleas ao sistema lingüístico dogalego (tempos compostos, mala colocación dosclíticos...)); faltas graves (Solucións ortográficascontrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuacióndiacrítica...); faltas leves, -0.05 (Solucións galegasalleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica.Contraccións non realizadas.).

Non se recollerán traballos endatas posteriores á fixada para a entrega, a non ser porun motivo xustificado. O alumnado deberá comunicara súa intención de realizar algún dos traballos optativos no primeiro mes a partir do inicio dotrimestre. O emprego de métodos fraudulentos na realización deprobas ou traballos implicará a obtención automática dun suspenso como cualificación nesa proba ou exame.

Para que na nota final se aplique oredondeo (a partir do 0.5) o alumnado deberá ter realizado o 80% das tarefas propostas durante o trimestre.

Cráterios de recuperación:

O alumnado poderá consultar sempre as súas cualificacións e ver o seu progreso na materia na área persoal da Aula Virtual do IES Lauro Olmo. As persoas que presenten dificultades no proceso de aprendizaxe serán orientadas para a realización de determinadas tarefas que supoñan un reforzo e sirvan como recuperación das carencias presentadas. Non existen realmente criterios de recuperación, pois a aprendizaxe da lingua é constante e continua, trátase de seguir desenvolvendo as competencias clave e as destrezas lingüísticas, trátase de realizar tarefas que permitan a mellora das competencias comunicativa e plurilingüe, polo que o que importa é acadar o 5 para superar a materia na convocatoria ordinaria do mes de maio.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas, como se sinala no Decreto 133/2007, a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Partindo do proxecto curricular, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender á diversidade do alumnado. Cremos que hai que ter en conta o feito de que as diferenzas de partida que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Trátase de avaliar o camiño transcorrido desde a Avaliación Inicial e individual até a Avaliación Final. Por iso no servimos das seguintes medidas:

- Atención individualizada fóra das sesións lectivas a través de plataformas dixitais.
- Uso dunha aula de informática (en caso de non dispor de portátiles) para supervisar a navegación pola aula virtual e o desempeño do alumnado coas TICs.
- Sesións extraordinarias de traballo, fóra do horario lectivo, para atender ás necesidades dunha alumna/o.
- Deseño de tarefas diversas, adaptadas a distintos ritmos de aprendizaxe.
- Uso de recursos diferentes para achegar os contidos e as explicacións a todo o alumnado.
- Aplicación de diferentes instrumentos de avaliación adaptados ás necesidades do alumnado.
- Incorporación en determinadas Secuencias Didácticas de Actividades de Reforzo.
- Uso do traballo de investigación como instrumento favorecedor das técnicas de traballo autónomo que permite a cada alumna/o aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais.
- Uso dos comentarios de distintos tipos de textos, con diferentes graos de dificultade, para formar persoas críticas, mellorar a comprensión e a expresión e atender os gustos ou intereses de cada alumna/o.
- Listaxe aberta de lecturas voluntarias ao servizo da diversidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - ET.8 - Creatividade.	X		X	X		X		X
ET.8 - ET.9 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - ET.11 - Pluralidade lingüística.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ademais dos contidos específicos da materia de LGL, o noso Departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben en diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas transversais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día das bibliotecas	Creación textual	X		
Día das mulleres escritoras	Concurso	X		
Samaín	Creación textual e concurso de cabazas	X		
Actividade do 25N: "Non é para tanto. Sempre foi así"	Lectura crítica de textos xornalísticos e do ámbito persoal	X		
Candeloria	Chíos de amor		X	
Día da Lingua Materna	Concurso		X	
Día da poesía	Creación		X	
Día do libro	Intercambio de citas literarias		X	
Antroido	Coplas satíricas		X	
Día das letras galegas	Lectura e creación arredor da figura homenaxeada		X	

Observacións:

Estas propostas serán sempre voluntarias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente e os plans e proxectos educativos do centro.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
3. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.

Metodoloxía empregada
1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...) e relaciona coñecementos novos con aspectos coñecidos
2. Promove o traballo colaborativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.
3. Presenta actividades de grupo e individuais e facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas?)
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
1. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento do Proxecto.
2. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.
3. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas e Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
1. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados tanto na presentación da materia na aula como para a recollida de información para a avaliación.
2. Segue os protocolos de atención a diversidade vixentes
Clima de traballo na aula
1. Mantén unha actitude dialogante no trato co alumnado e anima a este a expresar de xeito respectuoso e cortés as súas opinións.
2. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
3. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
1. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
2. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
Mantívoase contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino- aprendizaxe das fillas ou fillos.
Outros
As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a Avaliación do Labor Docente realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario na Aula Virtual.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de avaliación servirá para constatar o nivel de éxito á hora de acadar os obxectivos propostos. Será continuo e aberto e será esencial no proceso de autocorrección dunha programación que é susceptible de ser modificada a partir da experiencia real nas aulas, o que redundará no seu valor formativo. Analizará as deficiencias e logros en todo o proceso de ensino-aprendizaxe e aportará instrumentos útiles para a mellora da dinámica educativa en todos os seus aspectos.

O proceso de avaliación deberá ser abordado en dous niveis complementarios:

a) A avaliación da programación en si, en tanto que instrumento pedagóxico.

Trátase de verificar se o dispositivo pedagóxico empregado é adecuado e cales son os aspectos en que se poderían presentar maiores conflitos:

- no nivel de profundidade dos contidos expostos,
- na idoneidade da secuenciación dos mesmos,
- no nivel de complexidade dos mecanismos empregados no proceso de ensino-aprendizaxe (sobre todo no emprego das TIC),
- na efectividade das actividades e lecturas propostas,
- na idoneidade dos materiais curriculares empregados...

A través das reunións semanais de departamento, iranse analizando estas cuestións e realizaranse as modificacións puntuais que se consideren oportunas, neste mesmo curso sempre que for posíbel, ou tomarase nota delas para reformalas de cara a próximos cursos.

b) A avaliación da interacción do alumnado coa programación.

Trátase de avaliar o nivel de resposta do alumnado coa acción pedagóxica e a capacitación deste á hora de avanzar nas diferentes competencias educativas que poida integrar.

Finalmente, a elaboración da Memoria Final servirá para concretar a avaliación desta programación didáctica.

9. Outros apartados